

AMANTE POR UN DÍA

[Philippe Garrel, 2017]

375

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2018 | V.O.S.E. | TP

L'amant d'un jour (2017, 76')

Dirección: Philippe Garrel

Guión: Jean-Claude Carrière, Caroline Deruas-Garrel, Philippe Garrel, Arlette Langmann

Elenco: Éric Caravaca, Esther Garrel, Louise Chevillotte, Laetitia Spigarelli

Son: Gabriel Hafner

Montaxe: François Gédigier

Dirección de arte: Yann Vuillet-a-Ciles

Vestuario: Justine Pearce

Fotografía: Renato Berta

Música: Jean-Louis Aubert

Produtoras: ARTE France Cinéma, SBS Productions (Francia)

Distribuidora: La Aventura Audiovisual

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La sombra de las mujeres, 2015

La jalousie, 2013

Un verano ardiente, 2011

La frontera del alba, 2008

Los amantes habituales, 2005

El hijo secreto, 1979

La cicatriz interior, 1972

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Premio SACD), Lumière

2018 (Nomeado a mellor dirección),

Donostia 2017 (Zabaltegi)

SINOPSE

Joan, unha moza de 23 anos, volve a casa co seu pai logo de vivir unha ruptura. Cando chega coñece a parella de seu pai: unha moza da súa mesma idade. Seu pai, profesor de filosofía enamorou de Ariane, unha das súas alumnas. Contra todo prognóstico, as dúas mozas fanse amigas apoiándose entre elas ante as novas situacións da súa vida.

«Co seu habitual talento para a fotografía en branco e negro, Philippe Garrel regresa ao seu tema preferido: o amor e a súa ausencia»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



“Cando fago un filme impoño-me un encargo freudiano”

Entrevista con Philippe Garrel

Por Stéphane Delorme

Logo de *La jalousie* (2013) e *La sombra de las mujeres* (2015), *Amante por un día* pecha unha triloxía. Si, xa tiña

asinado antes unha triloxía con *La cicatriz interior* (1972), *Athanor* (1972) e *La cuna de cristal* (1976), que debían proxectarse dunha soa vez, durante 2 horas e 45 minutos, no Palais de Chaillot. Preguntáronme para unha retrospectiva que agasallo me podían facer así que pedín dúas proxeccións gratuítas de *La cicatriz interior* e *Marie por mémoire* (1967), e unha do conxunto desa triloxía, sen que se prendesen os focos entre cada unha das películas. Antes disto, un crítico tiña atacado *Athanor* dicindo que eu estaba batendo contra un muro e non entendía a obviedade de que o cinema é movemento. *A cicatriz interior* era música e planos de seguemento. *Athanor* era silencio e planos fixos. Con *La cuna de cristal* regresei á música de Ash Ra Tempel, así que *Athanor* funcionaba como un interludio entre dúas partes dun concerto. Nesta ocasión, en troques, si que é unha verdadeira triloxía, xa que os filmes non están concibidos para seren proxectados xuntos.

Cando percibiches que os teus tres últimos filmes formaban esta triloxía?

Durante a preproducción da segunda. Xa tiña feito *La jalousie* e comprobei que o prototipo funcionaba. O filme duraba 75 minutos e 15 minutos menos de película significan 15 minutos menos de produción. Hai moitísimos exemplos de filmes breves na historia do cinema. Ninguén lembra que *El acorazado Potemkin* (Sergei M. Eisenstein, 1925) só dura 65 minutos! Así que producín tres iteracións dese prototipo, unha película de 75 minutos filmada en 21 días en CinemaScope e en branco e negro.

Alén de consideracións económicas. As raíces da triloxía teñen o seu motivo nos temas?

Como espectador, gústame outras manifestacións artísticas tanto como o cinema. Son tan apaixonado do cinema como o son da pintura, pero se hai algo que levo facendo durante toda a miña vida é ler a Freud. Creo que empecei en 1975. Desde hai xa anos fixenlle ler aos meus estudantes en clase *El caso Dora* e *El sueño del hombre lobo*. Cando fago un filme, e é por isto polo que amo a Ingmar Bergman tanto como a Jean-Luc Godard, impoño-me un encargo freudiano. En *La jalousie* o meu tema era a neurose feminina. En *La sombra de las mujeres* a libido feminina; e en *Amante por un día*, o inconsciente feminino. En *Amante por un día* quería abordar o complexo de Electra, a contraparte feminina ao complexo de Edipo, aínda que ambos non sexan exactamente simétricos. Electra conspira para asasinar a súa nai, Clitemnestra, porque esta volve casar.

A película conta a historia dunha amizade consciente entre unha muller nova e a súa madrastra, que ten a súa mesma idade, e como o inconsciente da moza a empurra a se desfacer da rival polo amor de seu pai. E aínda que non é fundamental enxergar isto, é así como construíu o filme.

* * *

Nota do director

Cando se atreveu a tomala en brazos, cando derramaron sobre unha cama improvisada entre estraños, na universidade, alleos á súa presenza. Cando a penetrou castamente mentres sorría e puido anicarse máis preto, movendo lentamente o seu corpo mentres a súa pel se fundía suavemente coa súa pel; daquela decatouse de que si, tiñase rendido ao amor; un amor que estoupara nas súas vidas, inesperado e imposible de rexeitar. Tiña vinte anos e estaba chea de xuventude e el tiña facilmente cincuenta aínda que non quixera darse de conta. Vinte tamén era a idea da súa querida filla, pensou mentres se vestía. Como ha reaccionar ela? Agora que atopou de novo o amor.

Publicado en Cahiers du Cinéma nº733, maio 2017
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El nacimiento del amor, Philippe Garrel
Intermedio [DVD]

Le lit de la vierge, Philippe Garrel
Re:Voir [DVD]

Le révélateur, Philippe Garrel
Re:Voir [DVD]

Les hautes solitudes, Philippe Garrel
Re:Voir [DVD]

Philippe Garrel en subsance, Philippe Azoury
Capricci, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emocioná dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

COOPERACIÓN: Nobuhiro Suwa (COORDINADOR) Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noé Sempy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade (COORDINADOR) Nobuhiro Suwa, DIRECTOR DE FICHAJE EN MINEUR (JE) JEAN-PIERRE LÉAUD, DIRECTOR DE FICHAJE EN MAIOR (JE) TOM HARARI, CO-DIRECTOR DE FICHAJE EN MAIOR FLORENT KLOCKENBRING, EMMANUEL CROSET (CO-DIRECTOR) THOMAS GRÉZARD, ASISTENTE DE DIRECCIÓN INÉS DE LA BEVÈRE, ASISTENTE DE DIRECCIÓN MARIAL SALOMÓN, ASISTENTE DE DIRECCIÓN OLIVIER MARGERIT, CO-DIRECTOR DE FICHAJE EN MAIOR MICHIKO YOSHITAKE, JÉRÔME DOPPLER, CO-DIRECTOR DE FICHAJE EN MAIOR YUJI SADAI, CO-DIRECTOR DE FICHAJE EN MAIOR CENTRE NATIONAL DE LA CINÉMATOGRAPHIE ET DE L'IMAGE ANIMÉE (CO-DIRECTOR) RÉGION PROVENCE-ALPES-CÔTE D'AZUR, DÉPARTEMENT DES ALPES-MARITIMES (CO-DIRECTOR) CNC (CO-DIRECTOR) AGENCY FOR CULTURAL AFFAIRS DO GOVERNO DE XAPÓN (CO-DIRECTOR) FILM-IN-EVOLUTION, LES PRODUCTIONS BALTHAZAR, BITTERS END (DISTRIBUCIÓN) NUMAX DISTRIBUCIÓN

EUROPA CINEMAS CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME